

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 13 DE SETEMBRO DE 2024 DE
CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES DO PROGRAMA DE
RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR DA
UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O 2024.**

Detectado erro na base cuarta da convocatoria 2024 do Programa de Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2024 publicada o 10 de setembro de 2024, ESTA REITORÍA RESOLVE:

PUNTO ÚNICO: Publicar a seguinte corrección de erros referida á base cuarta:

Onde di:

4. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido, e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a. Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, Contratos de proxectos de Jóvenes Investigadores do Ministerio (JIN), Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva-Incorporación, axudas posdoutorais da Xunta de Galicia na modalidade B e que a data de finalización do seu contrato estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 (sen considerar as posibles prórrogas ás que tivera dereito).

Debe dicir:

4. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido, e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a. Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, Contratos de proxectos de Jóvenes Investigadores do Ministerio (JIN), Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva-Incorporación, axudas posdoutorais da Xunta de Galicia na modalidade B e que a data de finalización do seu contrato estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024. Para o cómputo da finalización do contrato, as persoas aspirantes poderán escoller entre a data inicial de finalización do contrato ou, se é o caso, a data de finalización da/s prórroga/s.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de



conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Asinado dixitalmente por María Belén Rubio Armesto

